

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AUGAS DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 29 de xaneiro de 2026 pola que se amplía o prazo de xustificación da Resolución do 28 de marzo de 2025, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, para a execución de actuacións para minimizar as perdas de auga en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 con carácter plurianual (código de procedemento AU301E).



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



O 11 de abril de 2025 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 28 de marzo de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, para a execución de actuacións para minimizar as perdas de auga en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 con carácter plurianual (código de procedemento AU301E), en diante, resolución de convocatoria.

O artigo 23.1 da resolución de convocatoria refírese ao prazo para presentar a documentación xustificativa, en que se indique o seguinte:

1. O prazo máximo para a presentación da documentación xustificativa da subvención concedida será o 31 de marzo de 2026, sen prexuízo de que se poida presentar a dita documentación con anterioridade para a súa tramitación.

Debe terse en conta o elevado número de solicitudes presentadas ao abeiro deste procedemento, así como a tramitación dunha ampliación do crédito inicialmente previsto na resolución de convocatoria, o que tivo como consecuencia que non se puidesen ditar todas as resolucións de concesión no prazo establecido na convocatoria.

Así mesmo, o obxecto das actuacións subvencionadas requiren dun tempo de execución suficiente, no cal incide de xeito significativo a climatoloxía adversa acaecida en Galicia.



Por outra banda, o financiamento europeo tiña previstos uns prazos de xustificación que están a ser modificados, o que lle posibilita tamén a Augas de Galicia ampliar o prazo de xustificación previsto inicialmente na convocatoria.

O artigo 45.3 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, establece a posibilidade de que o órgano concedente das subvencións outorgue, salvo precepto en contra contido nas bases reguladoras, unha ampliación do prazo establecido para presentar a xustificación, que non excederá a metade deste e sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiros.

Por outra banda, remítese ao disposto con carácter xeral no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no cal se indica que a ampliación poderá acordarse de oficio ou por instancia de parte antes do vencemento do prazo de que se trate e se as circunstancias así o aconsellasen.

As bases reguladoras non conteñen precepto en contra da ampliación do prazo de xustificación.

A ampliación do prazo non causa prexuízo a terceiros.

Por todo o anterior, sobre a base dos requisitos e das condicións previstas na normativa anteriormente citada, e tendo en conta todo o exposto,

RESOLVO:

Artigo único. Modificación da Resolución do 28 de marzo de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a execución de actuacións para minimizar as perdas de auga en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 con carácter plurianual (código de procedemento AU301E).

Modifícase o número 1 do artigo 23 da Resolución do 28 de marzo de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a execución de actuacións para minimizar as perdas de auga

CVE-DOG: u6bp18b4-gbp9-wqt6-uca0-itmzitiq4cm6



en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 con carácter plurianual (código de procedemento AU301E), que queda redactado como segue:

«1. O prazo para a presentación da documentación xustificativa da subvención rematará o 30 de abril de 2026, sen prexuízo de que se poida presentar a dita documentación con anterioridade para a súa tramitación».

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta resolución producirá efectos desde o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2026

A presidenta de Augas de Galicia
P.D. (Disposición adicional primeira da Resolución do 28.3.2025;
DOG núm. 71, do 11 de abril)
Roí Fernández Añón
Director de Augas de Galicia

CVE-DOG: u6bp18b4-gbp9-wqt6-uca0-itmzitiq4cm6

